



FUNDACIÓN  
CATEDRAL  
DE SANTIAGO

## Actividade autónoma

---

# PERCORRENDO O PLANO UNHA XINCANA POLA COLEXIATA

4º, 5º e 6º de Educación Primaria

Proxecto creado por  
Marina Pérez Toro e Lucía Hidalgo Portomeñe

# PRESENTACIÓN

Aos pés da cidade histórica de Santiago, érguese o conxunto arquitectónico de Santa María a Real de Sar, chamada así por ubicarse no agradable barrio que o río do mesmo nome atravesada.

As súas orixes remóntanse ao ano 1136, cando se fundou como a primeira comunidade agostiña de Galicia, en tempos do arcebispo Xelmírez. As boas relacións coa Catedral, ademais de convertela nun importante referente eclesiástico, quedaron reflexadas na súa estrutura orixinal, onde as influencias románicas da basílica xacobeana son destacables. A igrexa, que no século XVI se converteu en colexiata, sufriu unha serie de remodelacións arquitectónicas que acabaron por conferirlle a mestura estilística que hoxe a caracteriza.

O edificio do antigo priorado tamén sufriu modificacións, converténdose no 1985 en Museo de Arte Sacra da man do párroco Don José Porto Buceta, que nese afán integrador non só evitou que a construción caese no esquecemento, senón que xerou unha perfecta coherencia entre contedor e contido, dotando ás obras dun contexto que facilita a súa interpretación.

As tarefas de adecuación museolóxicas e museográficas necesarias para a súa reapertura despois dun tempo pechado por falta de recursos económicos, foron posibles grazas a un proxecto de xestión cultural que levou a cabo a Fundación Catedral de Santiago, baixo a marca Compostela Sacra.

Na actualidade, o museo está nunha nova etapa de crecemento coa posta en marcha do proxecto MuSar, que ten como principal obxectivo o estudo, a conservación e a difusión do conxunto monumental e o rico patrimonio que atesoura. Xunto coa publicación dunha nova guía e a creación da páxina web, incorporamos este proxecto educativo cunha oferta adaptada aos diferentes niveis, para que os centros poidan coñecer a riqueza de Santa María Real a de Sar dun xeito autónomo e didáctico, agardando poder ampliálo nun futuro con máis recursos e actividades.

# PERCORRENDO O PLANO

## Unha xincana pola colexiata

O espírito aventureiro e a metodoloxía lúdica das xincanas teñen cabida nesta actividade coa que descubrir algúns dos aspectos máis relevantes do conxunto histórico-artístico da Colexiata de Sar. Partindo do plano como ferramenta protagonista, o alumnado familiarizarase cos tres espazos que conforman o conxunto, percorréndoo por equipas de xeito autónomo e completando unha serie de exercicios que se poñeran en común ao final da experiencia, transmitindo así os contidos teóricos adquiridos durante a aventura.



## OBXECTIVOS

- Reivindicar o xogo como medio de aprendizaxe.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Proporcionar as ferramentas para a interpretación autónoma dun plano arquitectónico.
- Explicar os aspectos fundamentais do conxunto, especialmente arquitectónicos e escultóricos.
- Descubrir diferentes materiais e técnicas empregadas na creación artística.
- Promover a creatividade e o pensamento crítico.

## METODOLOXÍA

Gran parte desta actividade será realizada autónomamente polo alumnado, sen embargo, para que isto sexa posible, o profesorado deberá realizar un traballo previo, tanto teórico como de elaboración de materiais.

### Introdución

Para dar comezo á visita, farase unha breve introdución presentando a ferramenta protagonista: o plano. Este achegamento teórico-práctico pódese realizar previamente na aula ou ben xa na colexiata (recomendamos a zona exterior ou o claustro). O enfoque recóllese a continuación facilitando preguntas para reflexionar sobre o tema. Con este contido o alumnado familiarizarase cos tres espazos polos que se vai mover, ademais de aprender a usar a ferramenta que se lle facilita para iso.

### Planos

Unha vez realizada a introdución, o alumnado dividirase en cinco grupos. Cada grupo contará cun plano da colexiata con motivos sinalados dunha cor, creando así a equipa vermella, a azul, a verde, a laranxa e a rosa. Os planos adxúntase ao final do documento, só fai falla imprimilos a cor (non recomendamos un tamaño menor ao A4).

### Motivos


Cada equipa terá que ir ata os motivos sinalados no plano nunha orde concreta, atopando neles outros recursos que lle permitirán continuar coa xincana. A continuación presentámoslos en orde:



A primeira parada será no lugar que indique esta chincheta. Nese punto atoparán unha ficha impresa e un lápiz.



Cos novos materiais, irán ata o punto que se sinala no plano cunha estrela. Alí haberá unha peza ou algún elemento arquitectónico que deberán observar detidamente para completar a información que se pide na ficha. Nalgúns casos contarán cunha cartela que lles facilite o proceso. Tamén atoparán unha pista para o seguinte movemento.



Finalmente, axudándose da pista e dos contidos recopilados, deberán ir á zona sombreada na súa cor e atopar alí algunha outra peza ou elemento que se relacione coa anterior. O vínculo pode ser moi diferente (temática, funcionalidade, aparencia...) No reverso da ficha deberán explicar o porqué da súa escolla.

## Fichas

Na introdución tamén se mostrará unha das fichas para explicar que escribir en cada apartado:

- Que é? O tipo de obxecto ou elemento (Escultura, piar, documento...).
- Materiais: Pedra, madeira...
- Función: Para que serve ese obxecto? (Decoración, devoción, elemento constructivo...)
- Ubicación: Especificar onde se atopa (Sala do museo, zona do claustro, exterior da igrexa...)
- Peculiaridades: Se lle falta algunha parte como no caso de San Blas, a inclinación dos piares...
- Breve descrición: Outros datos de relevancia, como a decoración, policromía, inscricións...

## Posta en común

Como peche da actividade, a aula xa reunida, poñerá en común a experiencia das diferentes equipas. Cada unha presentará as pezas e elementos traballados expoñendo a información recopilada e as súas propias conclusións. Neste momento o profesorado completará a información con datos teóricos que aparecen recollidos neste documento.

## Observacións

- Lembrámoslle ao profesorado que deberá imprimir todos os materiais que se adxuntan a cor e colocalos nos puntos sinalados antes de comezar a actividade, engandindo un lápiz con cada ficha. Recomendamos colocar a ficha sobre un portapapeis ríxido para facilitar a escrita.
- É importante facer fincapé en que cada equipa siga a orde sinalada.
- Algúns puntos no plano poden conter fichas e pistas de diferentes equipas. Cada unha deberá limitarse a coller só os seus materiais e non tocar os do resto.
- Cada grupo deberá repartirse o traballo para que todo o alumnado participe (interpretación do plano, análise das pezas, recollida de datos, portavoz...). Trátase dun traballo colectivo.
- Prégase manter a orde e non facer ruído, podendo falar en voz baixa sen molestar a outros posibles visitantes.

## INTRODUCCIÓN

Para presentar esta actividade recoméndase facer unha breve introdución ao conxunto no que se vai realizar. Para iso, pódese aproveitar tanto a información recollida na **presentación** deste documento, como toda aquela que facilita a **guía didáctica** de fácil descarga dende a web do museo ([https://www.musar.gal/pdf/Guia\\_didactica\\_Sar.pdf](https://www.musar.gal/pdf/Guia_didactica_Sar.pdf)).

Os tres espazos que percorrerá o alumnado son o **MuSar**, o **claustro** e a **igreja**, incluíndo os **arredores** de todo o conxunto. A presentación destes préstase para introducir a ferramenta protagonista: **o plano** (adxúntase a continuación para poder mostralo en persoa e que o alumnado se familiarice cos espazos).

A través do diálogo reflexionarase sobre esta ferramenta e a **arquitectura** en xeral. Unha vez finalizada esta presentación, explicarase a **dinámica** a seguir empregando un dos **planos** dunha equipa para mostrar as **iconas** sinaladas no mesmo, así como as **fichas** que deberán cubrir e as **pistas** que terán que interpretar para atopar o último elemento.

Coa dinámica asimilada, só queda dividir ao alumnado en **grupos** e dar comezo á aventura.

## POSIBLES PREGUNTAS

Que é un plano?

Para que serve?

Onde atopades planos?

Que entendemos por arquitectura?


Que outros elementos asociamos á arquitectura?

Que outras disciplinas artísticas coñeces?

No plano da colexiata, que tres espazos diferenciades? Sinaládeos.


Que elementos identificades no plano? (Muros, portas...)

Facemos unha lectura dos espazos, explicando a orientación do plano apoiándonos noutro exemplo con iconas.



---

**CONTIDO TEÓRICO  
PARA O PROFESORADO**






# EQUIPA VERMELLA



## Documento fundacional do priorado



A fundación do priorado de Sar débese a **Munio Afonso**, antigo membro do cabildo da Catedral e posterior bispo de Mondoñedo, quen no 1134 se retirou a Santiago para fundar nas súas aforas unha comunidade de cóngos baixo a orde de **Santo Agostiño**.

Mentres estaba na igrexa de Santiago estableceu relación co primeiro arcebispo de Compostela, **Diego de Xelmírez**, quen asinou este **documento fundacional** do mosteiro o día **1 de setembro de 1136** e impulsou as obras de construción tras a morte de Munio Afonso.

Aínda que conservamos o documento orixinal en **pergamiño**, este custódíase no Arquivo Histórico Diocesano por motivos de conservación, expoñendo no museo unha copia exacta na que podemos observar os nomes dos confirmantes e a característica firma do arcebispo Xelmírez.

A finalidade principal do priorado era servir de casa de retiro. A comunidade agostiña participou activamente na promoción da **ruta xacobe**a, tanto pola hospitalidade cos peregrinos como pola colaboración na fundación da **Orde de Santiago**, cuxo obxectivo era protexelos durante a peregrinación e expulsar aos musulmáns da Península Ibérica.

## Sepulcro do arcebispo Bernardo II

A Colexiata de Sar conta con varios **sepulcros góticos**, obras de primeira calidade da escultura galega. Todos eles responden a unha mesma tipoloxía: **sepulcro con xacente**. Realizados integramente en pedra, constan de dúas partes principais: por unha banda o contedor do corpo, o espazo onde repousa o cadáver e que pode incluír nos seus laterais decoración escultórica ou inscricións; e por outra temos a **lauda**, a parte superior que pecha o sarcófago incluíndo neste caso a figura do xacente. Nas **inscricións** laterais adoita figurar a identificación do xacente, o nome, o seu cargo e o día da morte, ou ben como neste caso, unha frase poética entre a que diferenciamos o nome do difunto “Bernaldus”.



Moi preto do acceso ao interior da igrexa atopamos o **máis antigo sepulcro** coñecido dun **arcebispo compostelán**. Corresponde a don **Bernardo II**. Sobre a cuberta esculpiuse en medio relevo a figura do xacente vestido con **traxe de pontifical** de ríxidos pregos. Leva luvas bordadas, dous aneis e un **báculo en tau** que empregaban os arcebispos compostelanos, como forma de diferenciación e reivindicación postólica. A calidade da súa labra convérteno nun bo exemplo da simbiose existente nos talleres composteláns do século XIII entre a tradición mateana e os novos aires góticos. De feito, foi o taller goticista o que se encargou de levar a cabo unhas obras na parte oriental do claustro encargadas por Bernardo II cando chegou a Sar: unha hospedaría e unha capela adicada a Santa María Magdalena para albergar o seu sepulcro, o cal é o único que conservamos deste conxunto.

## EQUIPA VERDE

### ★ Gárgola con forma de león ★

O Museo Colexiata de Sar destaca pola súa ampla colección de **pezas de escultura románica e gótica** que proceden tanto do **claustro** medieval como da propia **igreja** de Santa María a Real. Nos seus fondos consérvanse un gran número de capiteis, cimacios, bases e dovelas, que, polo seu estilo, demostran a participación de escultores do taller do Mestre Mateo na construción do claustro e a súa finalización nunhas datas avanzadas do século XIII.



Na primeira sala do museo atopamos unha **gárgola con forma de león** que debeu servir para evacuar a auga dos tellados da igrexa ou do priorado. Grazas a fotografías antigas, sabemos que se empregou durante moito tempo como **un dos canos da fonte do claustro**.

Se nos fixamos na maneira de labrar a peza podemos coñecer a época na que foi feita. A labra brusca que busca o volume das formas e os efectos de claroscuro presente nos caracois da melena do animal remítenos aos **modelos mateanos**, polo que a súa factura debe situarse na primeira metade do século XIII.

## A fonte do Paraíso

Todo parece indicar que o obradoiro compostelán encargado de rematar a catedral, o do **Mestre Mateo**, foi o responsable do levantamento das obras do claustro. Ademais da función estrutural de **distribuir e ordenar as distintas dependencias** que conformaban o conxunto, atopamos unha segunda funcionalidade, a de **evocar o Paraíso Terreal**, un mundo alonxado do axetreo da cidade, seguindo o modelo paradisíaco relativo ao Antigo Testamento.



Para acadar esta imaxe simbólica empregáronse varios recursos: primeiro, a **vexetación esculpida** nas arcadas das súas galerías e en case todos os elementos arquitectónicos (bases, capiteis, cimacios); en segundo lugar a **vexetación real** que enchía como agora o patio central; por último, coa presenza da **auga** a través da **fonte** que hoxe preside o centro do patio e que antigamente contaba con catro canos evocando os **catro ríos do Edén** bíblico: Tigris, Éufrates, Pisón e Guijón. Está labrada nun **único bloque** de granito e decorada cuns **gallóns**.

# EQUIPA AZUL



## Piars da nave central



A **igreja** da colexiata é unha das obras máis interesantes do **románico galego**. A construción debeuse comezar cara 1134 e rematou na década dos 60. Aínda que sufriu varias transformacións, conservamos en gran medida a estrutura orixinal que nos permite achegarnos ao estilo que a caracteriza: destaca a **simplicidade**, a **simetría**, a **proporción** e a primacía da **funcionalidade**; así como o emprego xustificado de **arcos de medio punto** e **bóvedas de canón**, ou elementos decorativos como **medio didáctico e moralizante**.



Entre 1485 e 1505 refíxose a bóveda da nave central da igrexa; crese que foi esta intervención a que provocou a desestabilización da estrutura arquitectónica, aínda que a natureza pantanosa do terreo tamén influíu considerablemente. Isto faise visible na **acusada inclinación** dos seus **piars** e muros, algo que se converteu nunha das características máis singulares do edificio e un dos seus principais atractivos. Cada un dos piars está composto por un **centro cadrangular** con **catro semicolumnas** adosadas, das cales, as que van en sentido norte e sur recollen, respectivamente, arcos diafragma que sosteñen a techumbre, e os que van en sentido leste e oeste, os muros de separación entre as naves.

## Contrafortes exteriores

Sen embargo, a inclinación que hoxe resulta chamativa, no seu momento ameazou a integridade da igrexa. No século XVIII, o arquitecto **Fernando de Casas Novoa** emitiu un informe onde explicaba que a igrexa estaba en ameaza de ruina, proponendo a súa demolición e posterior reconstrución. Finalmente evitouse reparándoa de xeito definitivo en 1732, coa reedificación da metade superior da fachada principal e a elevación dos **arcobotantes** para reforzar a estabilidade dos muros.



Para admirar estes imponentes arcobotantes podemos saír ao exterior pola porta de acceso do museo e situarnos no muro lateral norte da igrexa, donde veremos como **seis contrafortes** reforzan o muro uníndose a través de arcos de medio punto, creando estabilidade tectónica pero tamén un ritmo decorativo de gran beleza.

## EQUIPA LARANXA



Cimacio, capitel e base



O Museo Colexiata de Sar destaca pola súa ampla colección de **pezas de escultura románica e gótica** que proceden tanto do **claustro** medieval como da propia **igreja** de Santa María a Real. Nos seus fondos consérvanse un gran número de capiteis, cimacios, bases e dovelas, que, polo seu estilo, demostran a participación de escultores do taller do Mestre Mateo na construción do claustro e a súa finalización nunhas datas avanzadas do século XIII.




Este conxunto fálanos dunha única peza que se ubicou no **claustro** da colexiata. O **cimacio**, datado no primeiro terzo do século XIII, presenta unha **decoración vexetal** conformada por palmetas inscricas nun tallo ovalado. A labra busca o **volumen das formas** e os efectos de **claroscuro**, polo que segue os modelos e o estilo do taller mateano da Catedral de Santiago.

Pola contra, o **capitel** xa se corresponde co segundo terzo do século XIII, coincidindo coa segunda fase de construción do claustro, onde veremos como os piares macizos que se empregaron ao principio se substituíron por grupos de catro columnas cun capitel cuádruplo labrado nunha soa peza como o que temos aquí. Neste caso, na decoración vexetal **aparecen figuras animais e rostros humanos** e os **contrastos lumínicos suavízanse**.

## Galería norte do claustro

Irremediabilmente perdido na súa maior parte pola construción do actual no **século XVIII**, só podemos imaxinar a beleza orixinal do claustro a partir dos **nove arcos da galería norte**, milagrosamente conservados, e polos abundantes restos pétreos como os que vimos anteriormente nas salas do MuSar. No corredor orixinal atopamos unha galería que se caracteriza pola **exuberancia decorativa**; case todos os elementos arquitectónicos presentan formas vexetais e en ocasións animais.

Estilisticamente, e conforme avanzamos cara o oeste, apréciase unha evolución dende as **formas do románico** cara outras que anuncian a **estética gótica** e que ilustra á perfección o ambiente artístico compostelán do primeiro terzo do século XIII no que, xunto aos talleres que seguen fieis á influencia do Mestre Mateo, aparecen outros que introducen xa o novo estilo gótico. Isto vémosto no cambio dos **piares macizos** por unha composición de **capitel cuádruplo sobre catro finas columnas**, que crean un ritmo máis lixeiro e aberto, e diminúen o efecto de claroscuro presente na labra máis antiga suavizando as formas e os contrastes.





## EQUIPA ROSA



### Talla de San Blas



O último espazo do museo está protagonizado por unha única **escultura en madeira policromada** do terceiro terzo do século XVIII. Trátase de **San Blas**, patrón das enfermidades da **gorxa e os laringólogos**. Ademais de **médico**, San Blas foi **bispo**, de aí a vestimenta escollida para representalo nesta imaxe, da cal non conservamos a súa man dereita. O seu culto, introducido e favorecido polos cóengos de San Agostiño en Sar, perviviu despois da conversión da igrexa en parroquia e continúa hoxe en día cunha multitudinaria **romaría** que se celebra o día **3 de febreiro**.

Conta a tradición que certo día, San Blas **salvou a un neno de morrer afogado** ao atragantarse coa **espiña dun peixe**. De aí a antiga costume de bendicir as gorxas pola día da súa festa, no caso de Sar un **pan** que logo se comerá. Ademais existen **refróns** e frases vinculadas a esa historia que se pronuncian cando alguén se atraganta, especialmente nenos e nenas "*San Blas, pásalle por detrás*" ou "*San Blas Bendito, que afoga este anxiño*". Existen outras tradicións, por exemplo, no País Vasco é moi coñecida a do **cordón de San Blas**, que consiste en bendicir un cordón o día 3 de febreiro diante da súa imaxe e colgalo no pescozo durante 9 días sen quitalo, para despois queimalo, e así quedar bendito ou bendita fronte os males de gorxa e catarros.

## Escultura de San Blas na capela do atrio

Nesa data, bendícense anacos de **pan** para repartir entre os fregueses que asistan á cerimonia relixosa na colexiata, podendo venerar así unha imaxe do santo semellante a esta.


Existe unha terceira imaxe de San Blas nunha **capela** situada na entrada do amplo atrio que rodea a colexiata. Neste caso é unha **escultura pétrea** que aínda conserva restos de policromía, realizada por un taller de Coimba cara o 1500.





---


# PLANOS
















---

# FICHAS





**Que é?**

Empty rectangular box for notes under 'Que é?'

**Materiais**

Empty rectangular box for notes under 'Materiais'

**Función**

Empty rectangular box for notes under 'Función'

**Ubicación**

Empty rectangular box for notes under 'Ubicación'

**Peculiaridades**

Large empty rectangular box for notes under 'Peculiaridades'

**Breve descripción**

Large empty rectangular box for notes under 'Breve descripción'



**Que é?**

Empty rectangular box for the answer to 'Que é?'

**Materiais**

Empty rectangular box for the answer to 'Materiais'

**Función**

Empty rectangular box for the answer to 'Función'

**Ubicación**

Empty rectangular box for the answer to 'Ubicación'

**Peculiaridades**

Large empty rectangular box for the answer to 'Peculiaridades'

**Breve descripción**

Large empty rectangular box for the answer to 'Breve descripción'



**Que é?**

Empty light blue rectangular box for the 'Que é?' section.

**Materiais**

Empty light blue rectangular box for the 'Materiais' section.

**Función**

Empty light blue rectangular box for the 'Función' section.

**Ubicación**

Empty light blue rectangular box for the 'Ubicación' section.

**Peculiaridades**

Large empty light blue rectangular box for the 'Peculiaridades' section.

**Breve descripción**

Large empty light blue rectangular box for the 'Breve descripción' section.



**Que é?**

Empty rectangular box for the answer to "Que é?".

**Materiais**

Empty rectangular box for the answer to "Materiais".

**Función**

Empty rectangular box for the answer to "Función".

**Ubicación**

Empty rectangular box for the answer to "Ubicación".

**Peculiaridades**

Large empty rectangular box for the answer to "Peculiaridades".

**Breve descripción**

Large empty rectangular box for the answer to "Breve descripción".



**Que é?**

Empty rectangular box for the answer to 'Que é?'.

**Materiais**

Empty rectangular box for the answer to 'Materiais'.

**Función**

Empty rectangular box for the answer to 'Función'.

**Ubicación**

Empty rectangular box for the answer to 'Ubicación'.

**Peculiaridades**

Large empty rectangular box for the answer to 'Peculiaridades'.

**Breve descripción**

Large empty rectangular box for the answer to 'Breve descripción'.

---

**PISTAS**

---

## PISTA

Na Colixata de Sar  
moitas **palabras** podemos atopar.

Para o documento fundacional  
tinta en pergamiño,  
**cincel** para a **despedida** do **arcebispo pétreo**  
que observaremos polo camiño.

## PISTA

Un león que escupe **auga**  
dende o alto dos tellados  
noutro tempo abriu a boca  
nun **círculo agallonado**

No precioso **claustro**  
rodeado de flores  
**bebía** auga infinita  
sen pasar calores.



## PISTA

Cadrado e semicírculo  
son as formas do **piar**  
aínda fortes coma a pedra  
**torcerse** non puideron evitar.  
Ante o perigo de caída  
buscouse **solución**,  
ao **exterior** debeses saír  
para ver o remedio en acción.

## PISTA

Cimacio, capitel e base  
hoxe son pezas de museo  
pero antigamente vivían  
no **claustro** mirando ao ceo.  
Hoxe as súas irmás  
**marcharon** case todas,  
pero xuntiñas no **norte**  
aíndan quedan unhas poucas.

## PISTA

Pola romería de San Blas

bendícese o pan,

cun só anaquiño

a **gorxa** podes curar.

A súa **imaxe** pódese venerar

en diferentes lugares de Sar,

no museo, na igrexa

e namais á Colexiata **entrar**.